



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar de En Marea con número de rexistro **41116 (10/PNC-003337)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de posibilitar a permanencia das prazas residenciais para a terceira idade e o mantemento dos postos de traballo da residencia Valle-Inclán, no concello de Vilanova de Arousa, así como o incremento das prazas públicas de residencia para persoas maiores na comarca do Salnés, que figura na orde do día da Comisión 5ª, prevista para o vindeiro 4 de abril de 2019.

Emenda de adición

Engadir os seguintes puntos:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

-Verificar que as instalacións cumpren todos os requisitos e condicións precisas para prestar o servizo coa calidade debida, e se teñen subsanadas todas as irregularidades detectadas pola inspección.

-Esixir que a empresa que preste o servizo nestas instalacións estea rexistrada no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPS).

-Que proceda a realizar todas as actuacións para a depuración de responsabilidades por non ter actuado e:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Permitir a continuidade da prestación dun servizo, e o aumento de usuari@s, pese ao peche decretado pola consellaría de Política Social, e non estar rexistrada no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPS).

-Permitir un entramado empresarial que está a eludir os controis legais e o desvío dos fondos que perciben do pago que realizan as persoas residentes, para seguir lucrándose con esta actividade e non asumir as responsabilidades do concurso de acredores aberto e asumir as súas débedas, e polo tanto non cumprir as obrigas c@ traballadores/as despedid@s..

-Permitir o impago continuado da taxas e impostos pola realización da actividade.”

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 03/04/2019 17:34:49





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2019 17:36:24
Nº Rexistro: 48634
Data envío: 03/04/2019 17:36:24.093



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 03/04/2019 17:34:55



Á Mesa da Comisión 5ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa Lei orgánica 4/2015, de protección da seguridade cidadá, e o artigo 315.3 do Código penal, así como a actuación que debe levar a cabo en relación co exercicio dos dereitos e liberdades sindicais, nomeadamente o dereito á folga (doc. núm. 46325).

Emenda de modificación

O contido do punto 1 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

“1. Dirixirse ao Goberno español esixindo:

- a) A aprobación dunha nova lei de seguridade que substitúa á coñecida como Lei mordaza.
- b) A derogación do parágrafo 3 do artigo 315 do Código penal, que se refire aos delitos relacionados coa liberdade sindical.

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/04/2019 17:37:01

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/04/2019 17:37:17

